



Retallos de mundo: Venecia La Serenissima

12 de decembro 2021 [Xesús Constela](#)

https://www.pontevedraviva.com/gl/cultura/retallos-de-mundo-venecia-la-serenissima_330937_102/3184481.html

De me preguntar alguén cal é para min a rúa máis fermosa do mundo non tería dúbida ningunha no momento de responder que tal honra lle corresponde aos catro quilómetros da **Gran Canle de Venecia**, que cruza a cidade dende os seus accesos a terra firme até a dársena de **San Marcos, no Mar Adriático**, e inspirou fascinantes cadros de Tiziano, Tintoretto, Canaletto, e que sei eu que outra gran cantidade de artistas.

Poucas experiencias hai máis grandiosas no que a paisaxes urbanas respecta que subir ao punto máis alto da **Ponte de Rialto**, levantada no século XVI sobre outras construcións anteriores, para se deixar hipnotizar por unha circulación enlouquecida que navega augas arriba e augas abaixo entre palacios e outros edificios que parecen querer rivalizar en grandiosidade, elegancia e beleza.

O *Palazzo Venier dei Leoni*, que acolle a inmensa **colección de arte de Peggy Guggenheim**, enterrada nos seus xardíns e sobriña do magnate que creou a fundación que leva o seu nome, ou *Ca' d'Oro*, un pazo maxestoso que ficou para sempre inacabado e na actualidade é a sede da Galería Giorgio Franchetti, mecenas artífice da súa restauración, ou *C'a Rezzonico*, que baixo os seus teitos decorados con frescos de Gianbattista Tiepolo alberga o *Museo del Settecento Veneziano*, son só algúns exemplos dos imponentes edificios construídos nas beiras do Canal que destilan fermosura vistos dende calquera perspectiva.

Toda Venecia, alcumada **La Dominante e La Serenissima**, é un estoupido de orixinalidade, un capricho que se diría concibido logo de despertar dun soño extravagante. Fascíneme esa cidade de grandes canles ateigadas de embarcacións pero tamén de calecos estreitos e silenciosos con toda a súa carga de romanticismo e de serenidade, por non falar do goce de sucar as súas augas a bordo dun *vaporetto* que se abre paso entre góndolas, taxis e outras embarcacións porque todo o mundo, bombeiros, repartidores de mercadorías, ambulancias, policía, servizos de limpeza, está obrigado a se mover en barco. Non hai outro xeito de se desprazar.

Napoleón Bonaparte definiu a **Piazza San Marco** como o "salón máis elegante de Europa" e non deixaba de ter razón, porque se trata dunha das prazas máis fermosas que coñezo, coroada como está pola Basílica de estilo bizantino que lle dá nome, un abraiante mosaico en tres dimensións, con millóns de teselas perfectamente ensambladas a cubrir o teito, as paredes, as columnas e o chan mesmo, con cúpulas dun dourado que parece ter a capacidade de brillar na escuridade e

con paredes feitas de laxes de mármore nas que incluso se escolleron as vetas para realce da súa grandiosidade.

O **Palazzo Ducale**, obra mestra do gótico, sobrevivinte de varios incendios e sede da primeira autoridade do antigo Estado Veneciano ao longo de case mil anos, é outra xoia de moi variadas facetas. Unha delas é a residencia privada do *Dux* e a súa familia. Outra, a máis luxosa, está constituída polas estancias públicas onde se reunían as máis altas institucións do goberno, entre elas o *Consiglio*, e outra, a menos vistosa, é a que nos leva a percorrer os calabozos onde os presos esmorecían lentamente e me levou a pensar que se xa é horroroso estar privado de liberdade aínda debe de selo máis se por riba te obrigan a vivir o resto dos teus días nun lugar tan escuro e tan inmundo. Esta Venecia triste agachada na parte posterior do **Pazo do Dux** é o polo oposto do luxo que se respira fóra e non resulta difícil comprender por que a ponte que une o pazo co cárcere recibe o nome de *Ponte dei Sospiri*, xa que era o derradeiro lugar polo que os reos pasaban antes de baixaren, malpocados, á escuridade fría dos alxubes. Aínda parece que pode sentirse o terríbel sufrimento dos presos e incluso hai unha estancia onde se conservan anacos de parede con debuxos e mensaxes escritas do seu puño e letra. Se todas as sociedades teñen as súas cloacas, as de Venecia atópanse de certo neste lugar.

Para volver somerxerse nos encantos da cidade quizais sexa interesante encamiñar os pasos á parada dalgún *vaporetto* para nos dirixir cara ao **Canale della Giudecca** e baixar nun lugar pouco transitado polos turistas nas inmediacións da *Chiesa delle Zitelle*, "Igrexa das solteironas", coñecida con ese nome porque albergou un hospicio para mulleres solteiras e sen dote, porque a vista dende alí deixa sen alento: como dispostas a seren observadas por un longo anaco de tempo érguense maxestosas tres das grandes marabillas arquitectónicas que a cidade atesoura e que non son outras que o devandito *Palazzo Ducale* e as basílicas de *San Giorgio Maggiore* e *Santa María della Salute*. A vista pérdese nun horizonte esculpido en mármore que parece querer dicir que o mundo ficou parado hai moitos séculos, alá polos tempos do Renacemento.

O **Canale della Giudecca** é o meu lugar favorito de Venecia, porque representa o comezo desa cidade habitada por xente normal e corrente, con colexios e institutos, con quioscos e tendas de ultramarinos, con farmacias, con casas coa roupa tendida nas fiestras e nenos a xogar nas prazas. Nada máis lonxe do destino hiperturístico que se vende a día de hoxe, **ese parque temático aberto vinte e catro horas** para diversión de masas de persoas que fan colas interminábeis para veren de entrar nos monumentos ou para pagaren unha auténtica fortuna por unha viaxe en góndola. É triste dicilo, pero ás veces a cidade semella un decorado inmenso no que as hordas de turistas montan en góndola do mesmo xeito que soben ao carriño dun parque de atraccións xigante.

Perder o seu encanto por mor da masificación. Ese é precisamente o perigo que corre La Serenissima, a tan fermosa cidade das canles.